

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A materia de filosofía é unha optativa no curso de 4º da ESO. Preséntase como unha introdución práctica aos problemas filosóficos do ser humano.

A Unesco alenta os seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía en todos os niveis do ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta. A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é aferramenta adecuada que debe servir a este fin. A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007). Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A

aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

Por outra parte, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Por todo iso, a materia de Filosofía persegue conseguir o logro da maior parte dos obxectivos e as competencias da ESO: tanto os relacionados co desenvolvemento persoal e social (autonomía, capacidade crítica e diálogo), o exercicio da cidadanía democrática e cívica, que fomente a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, como aqueles que permiten alcanzar os coñecementos, capacidades do pensamento abstracto e as habilidades da investigación e o traballo intelectual. A Filosofía adquire tamén unha dimensión propedéutica, non só para aquelas destrezas referidas aos hábitos de estudo, aos recursos orais e de uso das TICS, senón asemesmo para o afianzamento de actitudes de asertividade, iniciativa e traballo en equipo no eido privado e profesional. Isto supón o logro das competencias transversais (como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar) e transmisión de actitudes (como a confianza, o entusiasmo ou a constancia).

A materia ten un total de 15 alumnos matriculados organizados nun so grupo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta participe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A filosofía	Elementos básicos da epistemoloxía.	11	12	X		
2	O coñecemento	Elementos básicos de antropoloxía.	11	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A realidade	Estatuto onto-ético dos animais, humanos e non humanos. Elementos básicos de ética.	11	11	X		
4	O ser humano e a sociedade	Introdución aos elementos esenciais da ética. O problema da liberdade.	17	17		X	
5	A sociedade	Introdución aos problemas filosóficos da estética.	16	17		X	
6	A ética	Introdución aos problemas filosóficos da filosofía política. O problema da xustiza.	12	12			X
7	A política	Elementos básicos da epistemoloxía e metafísica.	11	12			X
8	A estética	Elementos básicos da ética. O problema da vontade.	11	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A filosofía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Redacta con corrección unha disertación sobre un problema filosófico básico	PE	35
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Elabora unha táboa coas preguntas eminentemente filosóficas	TI	65
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Elabora un diagrama onde se reflectan as diferencias e puntos de contacto entre a filosofía o outro tipo de saberes		
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza unha composición filosófica onde se busque, analize, e se sintetize a información dende un prisma crítico		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Redacta axeitadamente sobre a abordaxe metodolóxica de cuestións filosóficas coas ferramentas propias da disciplina		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa activamente nun debate sobre unha cuestión abordada dende a perspectiva filosófica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía.</li> <li>- A filosofía como saber crítico.</li> <li>- Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico.</li> <li>- A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais.</li> <li>- O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis.</li> <li>- Breve síntese das grandes épocas da filosofías.</li> <li>- O papel da muller na cultura e na filosofía.</li> <li>- O pensamento galego.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O coñecemento	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Compara cuestións concretas da epistemoloxía dende a perspectiva dos diferentes filósofos/as	PE	35



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Analiza de xeito argumental a trascendencia dos problemas epistemolóxicos e a súa interacción con outras facultades do psiquismo humano	TI	65
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Elabora un mapa conceptual onde se reflectan as diversas concepcións sobre a verdade e as súas implicacións		
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Analiza e interpreta con corrección as diferentes fontes para a concreción nunha disertación filosófica		
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Mantén un método protocolizado para a abordaxe de cuestións filosóficas		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Participa en debates dende o coñecemento e respecto polas diversas orientacións filosóficas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A racionalidade humana. Coñecemento e acción.</li> <li>- Teorías do coñecemento.</li> <li>- A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas.</li> <li>- O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo.</li> <li>- A verdade. Características e valor da verdade.</li> <li>- Teorías da verdade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A realidade	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Argumenta sobre cuestións metafísicas dende o coñecemento das diferentes cosmovisións e ontoloxías	PE	25
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Elabora un diagrama no que se relacionan os principais fitos da metafísica e as múltiples implicacións que se dan entre eles.	TI	75
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Recoñece nas fontes filosóficas as ideas e conceptos fundamentais da metafísica occidental		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Argumenta sobre cuestións de actualidade empregando conceptos e métodos filosóficos.		
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición dos contidos, así como unha exposición oral e escrita coherente dos mesmos.		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Nos traballos de grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A metafísica e a pregunta polo ser das cousas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmoxía e filosofía da natureza.</li> <li>- A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos.</li> <li>- Determinismo e indeterminismo físicos.</li> <li>- O sentido da existencia humana.</li> <li>- A vida e a morte como problemas metafísicos.</li> <li>- O lugar do ser humano no mundo.</li> <li>- O sentido da historia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O ser humano e a sociedade	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Redacta unha composición filosófica onde se integran as diferentes perspectivas psicolóxicas do ser humano	PE	25
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Confecciona un mapa conceptual sobre as concepcións antropolóxicas e a súa relación cos descubrimentos científicos actuais	TI	75
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Elabora un diagrama onde se reflectan as		
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Redacta as liñas mestras das diferentes teorías psicolóxicas e a súa abordaxe sobre a motivación		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Elabora un mapa conceptual onde se evidencian os diferentes vectores e liñas de relación dos compoñentes da afectividade e racionalidade humana		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Redacta con corrección e forma as súas disertacións botando man dos procedementos filosóficos de investigación		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Redacta as súas argumentacións de índole filosófico seleccionando e tratando á información de xeito crítico		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa nos debates de aula sobre cuestións filosóficas dende unha perspectiva de coñecemento das diferentes posturas e de respecto polas mesmas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica.</li> <li>- A personalidade.</li> <li>- Teorías e tipos de personalidade.</li> <li>- O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade.</li> <li>- Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista.</li> <li>- As emocións e a afectividade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A sociedade	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Recoñece e explica axeitadamente o concepto de cultura así como os diferentes factores de creación, dispersión e adquisición da mesma	PE	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de 'cultura' e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Diferencia o proceso de hominización e humanización así como os seus compoñentes e a súa relación de interdependencia	TI	70
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Mantén un método protocolizado para a abordaxe de cuestións filosóficas		
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición dos contidos, así como unha exposición oral e escrita coherente dos mesmos.		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa activamente nun debate sobre unha cuestión abordada dende a perspectiva filosófica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Natureza e cultura no ser humano.</li> <li>- O ser humano como ser social.</li> <li>- Elementos e axentes da socialización.</li> <li>- O proceso de socialización de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A ética	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (liberdade / determinismo)	TI	100
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Comprender e reformular textos sobre a liberdade nun comentario crítico		
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Analiza oralmente ou/e por escrito os factores da creatividade artística		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elabora oralmente ou/e por escrito unha presentación seguindo as pautas da taboa de indicadores		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa nos debates sobre cuestións filosóficas dende o coñecemento das diferentes orientacións ou correntes filosóficas e o respecto ás mesmas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción.
- Determinismo e liberdade.

UD	Título da UD	Duración
7	A política	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Recoñece as diversas teorías sobre a orixe do estado, as súas derivacións na organización social e a súa resposta ante os problemas da comunidade	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade e estado.</li> <li>- Teorías sobre a orixe da sociedade.</li> <li>- Teorías sobre a formación do estado.</li> <li>- Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A estética	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Compón unha disertación filosófica onde se identifican e desenrollan os principais conceptos da teoría estética así como a súa integración nas diferentes aproximacións da mesma	PE	45
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Elabora un mapa conceptual onde se vexan reflectidos os diferentes conceptos e liñas de relación dos diferentes termos da estética	TI	55
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Nos traballos de grupo intercambia ideas, participa de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.</li> <li>- A arte e a procura da beleza.</li> <li>- A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos.</li> <li>- Técnicas e fases do proceso creativo.</li> <li>- Creación colaborativa.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de filosofía en 4º da ESO ten un carácter lúdico, práctico e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina se busca contribuir a unha comprensión activa das grandes cuestións que a humanidade se leva plantexando dende sempre. Crítica porque só coas ferramentas filosóficas se acerca unha radicalidade (enraizamento) non egocéntrica, androcéntrica ou europeocéntrica. Neste sentido e como materia optativa se orientara nun sentido lúdico e entretido, buscando adquirir unha perspectiva crítica aos grandes problemas contemporáneos.

Neste sentido a metodoloxía oriéntase ao traballo con proxectos tanto individuais como en grupo. As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en cursos anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións sometidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor en formato dixital
Presentacións en formato dixital
Material de lectura, artigos ou fragmentos de libros en formato dixital
Ordenador, proxector, son e conexión internet
Aula virtual da materia.
Ordenador portátil persoal

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. Igualmente, os alumnos disporán do seu ordenador persoal onde terán acceso á plataforma Edixgal. Neste aplicativo estarán todos os materiais necesarios para o desenvolvemento da materia, dende libros dixitais, noticias de prensa, artigos, ou elementos audiovisuais.

Esta aula virtual servirá de repositorio e, ó mesmo tempo, de canle a través da cal os alumnos poderán subir os seus traballos. A clase estará dotada de encerado e canón de proxección.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase na primeira semana do curso. Será unha proba escrita inicial que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigorosa. Permitirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado. Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se buscará recoller información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos).

Ao comezo de cada nova unidade didáctica realizaremos unha avaliación inicial a través principalmente de cuestionarios orais e brainstorming para saber cales son os coñecementos previos do alumnado sobre o tema e poder organizar a nosa práctica docente en función do grupo-clase.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	35	35	25	25	30	0	100	45	<b>35</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	65	65	75	75	70	100	0	55	<b>65</b>

### Criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación propostos para a materia están compostos, deste xeito, por:

**Proba escrita ou exame:** A lo menos unha proba escrita cuxa estrutura e valoración dos distintos apartados poderá variar en función daqueles exercicios que resulten máis axeitados para as unidades a avaliar.

**Actividades:** realizaranse diferentes tipos de actividades ó longo do desenvolvemento da materia, segundo resulten máis coherentes cos contidos a traballar en cada unidade. Entre os tipos de actividades posibles que se contempla propoñerlle ó alumnado a cabo atópanse comentarios de texto, disertacións, recensións sobre a lecturas, realización de mapas conceptuais, presentacións ou exposicións na aula, ou traballos de investigación.

**Actitude e participación en clase:** valoraranse aspectos como a atención, o esforzo e o interese por participar no desenvolvemento da materia, a actitude de diálogo e de tolerancia no trato cos demais, a capacidade para argumentar e razoar, ou a capacidade para traballar en equipo.

En relación co anterior terase en conta a entrega puntual e en condicións dos traballos, así como o seu contido. O feito de entregalos fora de prazo sen causa que o xustifique, suporá a non admisión dos mesmo.

Con respecto ós instrumentos de avaliación antes enunciados, dispónse a seguinte distribución e ponderación para a construción da cualificación en cada período trimestral de avaliación:

**Proba escrita:** Contribución dun 60% á cualificación total da avaliación. Farase unha media aritmética entre os resultados de tódalas probas escritas, no caso de ser máis de unha proba.

**Actividades:** Contribución dun 30% á cualificación total da avaliación. Para valorar a variedade de actividades que se propoñen como instrumentos de avaliación, teranse en conta as diferenzas no grao de esforzo que demande cada actividade así como o grao de cumprimento especificado polas rúbricas, véndose reflectidas na súa ponderación para a nota.

As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.

Á nota de cada avaliación aplícanse as seguintes regras de redondeo:

1. Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa superior a 5. (un 4.51 será un 5).

2. Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra sexa igual ou inferior a 5. (un 4.5 será un 4). Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5 unha vez aplicados os criterios anteriores. A nota final será resultado da media aritmética acadada coas tres avaliacións. Todos estes criterios serán respaldados por unhas rúbricas con indicadores claros e diferenciados, comprensibles e traballados na aula co alumnado.

### **Criterios de recuperación:**

Cunha avaliación continúa e progresiva, íranse aplicando medidas de recuperacións:

- unha proba escrita de recuperación da avaliación non superada a facer na avaliación posterior (con excepción da terceira onde terán lugar na mesma)
- recuperacións de aqueles traballos ou tarefas que non acaden un mínimo dun 5.
- A composición da nota seguirá o seguinte criterio: 60% proba escrita + 40 %tarefas.

De non acadar unha cualificación igual ou superior ao 5 entre as tres avaliacións o alumno terá dereito a unha recuperación final . Disporase dun prazo de entrega para completar retrasos nas tarefas, así como modificación dalgunhas das tarefas non superadas. Do mesmo xeito, o alumnado terá a posibilidade de facer unha última proba escrita final para a recuperación de aquelas avaliacións non superadas. A nota resultante será a media aritmética das avaliacións superadas, de ser o caso, e o exame final da materia das partes non recuperadas e as correspondentes tarefas.

A composición da nota da avaliación final seguirá o seguinte criterio: Media aritmética entre as avaliacións superadas e a proba final (60% proba final + 40% tarefas)

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixiadas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que as barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Seminario sobre a defensa dos animais	Análise do estatuto ontolóxico-ético dos animais non humanos		X	
Seminario sobre SCI-FI e transhumanismo	Reflexión sobre as derivas éticas dun ser humano 2.0 e a relación coas IAs.			X

### Observacións:

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O sistema de avaliación resultou adecuado para avaliar as competencias
A ponderación dos criterios de avaliación resultou adecuada

Os instrumentos de avaliación foron os acaídos en cada circunstancia
A secuenciación e temporalización estiveron axustadas
Abordáronse os temas transversais acordados
Os resultados académicos no grupo nesta materia foron similares ou mellores ca os da media de cursos anteriores
Os resultados académicos acadados nesta materia correspóndense cos resultados medios do grupo na maioría das materias
As actividades extraescolares realizadas na materia permitiron mellorar as competencias do alumnado
Metodoloxía empregada
Emprégase unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento
Empregouse unha metodoloxía diversa
Coa metodoloxía empregada acadáronse os obxectivos de aprendizaxe perseguidos
O material didáctico empregado resultou adecuado
Empregáronse recursos TIC
Medidas de atención á diversidade
As medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foron adecuadas
Clima de traballo na aula
A metodoloxía empregada permitiu manter o control da clase
A valoración realizada polo alumnado sobre a materia resultou positiva
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participouse co alumnado en proxectos interdisciplinares de centro
Outros
Seguíronse os acordos aprobados no PLC respcto á competencia comunicativa

### Descrición:

Cada indicador valorárase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento así como nos departamentos de coordinación do bacharelato do instituto.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións prevista por UD foron as suficientes e indicar as datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora.

4. Concreción das propostas de mellora no propio curso académico e para materializar en cursos vindeiros.

E as ferramentas a empregar para valorar o grao de cumprimento do puntos anteriores serán:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**